

VII Festival da Poesía / O Porriño, 27-28 de xuño 87

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VII Festival da Poesía / O Porriño, 27-28 de xuño 87 (2012 [1987]). Sociedade Cultural e Desportiva “O Condado”. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1888>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VII Festival da Poesía / O Porriño, 27-28 de xuño 87 (1987). Sociedade Cultural e Desportiva “O Condado”.

* Edición dispoñíbel desde o 1 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

VII Festival da poesía

O Porriño 27-28 xuño 87



Edita: Sociedade Cultural e Desportiva "O Condado"

Coa colaboración económica do Concello de O Porriño

Portada: Zacarias

Galiza, 1987

A Zeca Afonso na memória viva

1934
1935
1936
1937
1938
1939
1940
1941
1942
1943
1944
1945
1946
1947
1948
1949
1950
1951
1952
1953
1954
1955
1956
1957
1958
1959
1960
1961
1962
1963
1964
1965
1966
1967
1968
1969
1970
1971
1972
1973
1974
1975
1976
1977
1978
1979
1980
1981
1982
1983
1984
1985
1986
1987
1988
1989
1990
1991
1992
1993
1994
1995
1996
1997
1998
1999
2000
2001
2002
2003
2004
2005
2006
2007
2008
2009
2010
2011
2012
2013
2014
2015
2016
2017
2018
2019
2020
2021
2022
2023
2024
2025

Desde o seu forte coruñés dirixe operacións primavera, accións de banda contrabando, tortura sibilina, gardas carentes de glamour. O Virrei da Terra Ancha xa non cre no expólio da pátria.

Automeado herdeiro natural do Rei Garcia mantén óptimas relacións coa coroa que tanto colaborou a restaurar, mais nunha vez. Nen por iso vai fuxir da xustiza dos fillos de Breogán.

Nun día de infortúnio desceu á máxima cadeira do noso idioma nacional, arrumada nese clube de xubilados. Servíci ao amo extranxeiro, mais unha vez a lexitimar a inconstitucionalidade da obriga de coñecer a língua lavada con lixiva.

De poesía só lembra canto aprendera nos prospectos de farmacoloxía que suministraba aos labregos dos xoves compostelanos, carballeira de Santa Susana. Agora pendurou a bata branca, nos petos dela deixou a dignidade.

Manuel Antón, secuestrado, olla desde o paquebote como imos ficando un chisco acompañados cando nos xuntamos para reclamar-berrando a devolución do que nos ten sido ilexitimamente ocupado.

Pero Meogo, Martin Codax e Mendiño, Pondal e Rosalia, Cabanillas e Otero, Maria Mariño, Lorenzo Varela e Cunqueiro non teñen acougo mentras o Virrei desmemoriado asenta na Académia, acochado na súa escolta pretoriana.

ANTÓNIO MASCATO

Poetas de Galiza

COMOVIDAMENTE, HOMENAGEM A XOSÉ MARIA ALVAREZ BLAZQUEZ

Reconhecemo-nos sempre, denunciemo-nos aos outros pelas asas negras que nos povam a abrem os olhos e pelas palavras que nos traíem quando dizemos os versos. Notem, as policias vigiam-nos os passos, os voos, as falas, os papeis, apontam-nos como suspeitos fazedores de uma república de poetas que não cabe nos seus esquemas em apodrecimento. Temos, como sabem, um rio inquieto entre ambos os povos que se cobre com o lançar de um dardo ou com um grito saído dos peitos cheios de labaredas. Visitamo-nos, bebemos o vinho dos vivos, damos na mesa as punhadas duras devidas à nossa raiva. Somos os que escrevem — e como eles temem a nossa escrita!


Companheiros, quantas vezes fomos cúmplices em secretas jornadas. Pois juntemos os esforços, confraternizemos, conspiremos. Inventam-nos maiores e melhores do que somos. Há que ir à luta numa imensa frente feita pelas nossas mãos dadas, dedos entrelaçados até o momento supremo.

Os nossos avoengos, servindo senhores, decerto que se guerrearam ao sol e à chuva dos dias, mas pela calada da noite, juntavam-se para trocar dos conhecimentos geralmente úteis das artes que rondavam o fumar das lampreias, o amor nas moitas, o apedrejar das muralhas, o trocar das folhas de Pero Meogo por João Roiz de Castelo Branco, de Junqueiro por Curros, dos vossos pelos nossos papeis de fogo, contra caciques, funcionários e curas e almas sangrentas.

Aí está a História estampada nas nossas mãos, mesmo assim os cães rosnam-nos às pernas, tomam como seus os herois que nos cabem agora quando lhes basta fingir que recordam o que não lhes aconteceu. As nossas vozzes sobre as águas valem como pontes sobre o rió do nosso fascínio.

Que se acautelem os vermes que os melhores homens não estão dispostos a morrer. Resta-lhes o monturo dos que não resistem.

JOSÉ VIALE MOUTINHO



ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

Noia 1935

Obra:

As moradias do vento, 1954

A Fruta e o Garamelo, 1959

O tempo no espello, 1982

Cantos Caucanos, 1985 (Prémio da crítica española)

O VELEIRO MARIA MARIÑO
NAUFRAGA NOS MONTES DO COUREL.

I


O vento da ria ouvea
na boca do lobo Tan lixeiro.
Nas carballeiras de Parada
rompe a marea chea
¡Era o teu labre tan salobre Maria!
¡Era a tua man tan espuma brunida!
Ainda queda un velame nos teus ollos
—Esa brancura única
que tremola no trasacordo da infancia—
Xa daquela querias a estrela do Courel.
a mais outa.
¡Cánta bocarribeira no curuto das águias!

II

Ergues unha torre no tempo. Teces a brétema
Cantas desde o fondo. fiandeira.
—Alguén rema
na outra banda da memoria—
E ferida atoba-se. abre o seu esplendor
no ceme do cántico.
O bater das ondas
aínda abanea o teu berce. Maria

III

Así como reloce a rosa ventureira
no alto muro do universo.
a tua voz fluía na devesa sagrada
—unha pomba escura—
O vento



UXIO NOVONEYRA


A REIMUNDO PATIÑO APUNTE FINAL

Ficou con aquíl seu fero
ás mandíbulas fincadas como trabando a HISTORIA
1985

EN COMPOSTELA

TODA BÁGOA ACUSA Ó PODER

Índa a bágoa máis pura máis sin dirección acusa ó PODER
1985



MANUEL MARIA

Naceu no 1929, ten unha farturenta obra poética publicada da que mentamos:

Poemas ao Outono, Poemas pra construir unha patria. O libro das Baladas. Catavento de neutrós domesticados. As rúas do vento ceibe, Os soños na gaiola. Poemas da labarada estremecida, Versos de lume e vagalume. A luz resucitada, Terra Cha, Oráculos para cabaliños do demo....

CANCIÓN PRA JOSE AFONSO

In memoriam

VIÑECHE das raigañas máis escuras:
eres a voz da auga orixinaria,
sortilexo de tódolos paxaros:
mar, vento, estrela e terra;
música esencial da natureza:
beleza sutil e delicada,
misterio do mundo,
sagrada maravilla do amor,
latexo sagrado de tí mesmo:
irmau de Meogo, Esquíó, Codax,
Meendiño, Torneol e Don Denís:
labarada máxica e insólita
que vai de Camões a Pessoa,
joh Jose Afonso!, chíó
enfebrecido, canción lúcida,
fonda e necesaria voz de Portugal:
dende un triste solpor envellecido
sementache, no noso pobre
e fleve corazón desamparado,
un perfecto mencer maravilloso.

Agosto de 1985. Ano do centenario de ROSALIA

CANCIÓN PRA RECEBER Á NOITE

CHEGAMOS mui cansos, silandeiros
ás veiras do solpor. Loitamos
toda a xornada contra a luz
cruda e feridora deste día
que puxo en chaga viva
á indecisa frol do noso ser.
Eiquí estamos envíso, compañeira
de tantos días plenos e cumpridos,
agardando a chegada da noite
pra que ela nos ampare
e nos acolla, benévola e piadosa,
no seu seo de sombra maternal.

Marzal, 1987



DARIO X. CABANA

Naceu en Róas, na Terra Chá, en 1952. Poeta de forte personalidade dende moi novo. De entre os seus libros publicados el mesmo gosta de salientar o **Romanceiro da Terra Chá** e mais **Abrelle a porta ó día**. Outros títulos os seus son **Verbas a un irmao** e **Home e terra**. Varios cantantes puxeron música ós seus versos. A súa tradución de Petrarca ao galego está actualmente no prelo (1987)

GUENEBRA

Se eu fose Artur, señora, e Lanzarote
fose tamén ás veces, amaría
ese teu corazón de neve fría
inda que sexa amor partido a escote,

e poría no escudo en vez de mote
a estriga de vellez e a nostalxía
por facerche outra vez galantería
denantes de que o tempo nos esgote

Se eu fose Artur, señora, ou Lanzarote,
e soubese que estaba Camelote
cercado por océanos de tebra,

ben quixera goza-los bens escuros
do teu partido amor antes que os muros
se embosquen de silveiras e seixebra.

PENÉLOPE

Non tezas máis, Penélope, na tea
de me agardar, que veño desde lonxe
e o vento do exterior doente ronxe
detrás de min e féreme e ouvea.

O meu barco, Penélope, vacila
no temporal, e nalgúns dos meus amigos
xa no fondo do mar teñen xacigos
que ollo frío de pólipo vixila.

Non tezas máis, Penélope, que veño
tan vencido esta noite, e xa non teño
máis devezos ca ti nin máis gorida,

deixa o tear e acólleme contigo
pois veño a cabo ti buscar abrigo
pra en Ítaca enterra-la miña vida.



ANA ROMANÍ

Naceu en Noia en 1962. Actualmente traballa nunha empresa de dobraxe de películas o galego. Participou na Asociación Cultural Catavento de Noia. Traballou no teatro. Inicia a andadura na poesía co premio "Xente Nova na poesía Galega" e ese mesmo ano comeza a publicar na revista de expresión poética "Dorna". Ten colaboracións en distintas revistas literarias como Festa da Palabra Silenciada, Dorna, Carel, etc., así como en xornais. Da recitais por distintas vilas e cidades galegas.

Participa no disco colectivo "Rosalia na voz dos poetas" Está a saír do prelo o seu primeiro libro: "Palabra de Mar".

Este é o noso mar.
o único anaco de mar que nos queda.
o mar branco, transparente,
da soedade infinda dos afogados.
Collo a doma de amor do corpo
e navego nas tuas bágoas—
o único anaco de mar onde perdernos.


Ule esta tarde a saba tendida de mañá clara,
a herba mol e a casa grande.
Ule esta hora coma cando regresas
e soño éguas agallopando na mar brava.

Ule este sangue a cemento de outono mollado,
a paxaros fuxidos en solpores de espada.
Ule a sal e pranto de poldro abandonado
na perdida patria.

Ule este verso a dor coñecida e a renuncia calma,
a melancolía de folla e pedra en amaranito,
a deserción, a agonía,
a derrota e a alba.

Ule esta tarde coma cando marchas
e te levas contigo as miradas brancas,
as singladuras dos dedos na temura
e totalas aves de luz que aniñaran na palabra

Pois que sen ti
fica o mar tan tristemente en calma.



XOSÉ MARIA ÁLVAREZ CÁCCAMO

Bibliografía

Praia das furnas, col. Vento Branco, Edicións Xerais, Vigo 1983.

Arquitecturas de cinza, col. Pero Meogo, Vigo 1985.

Edición anotada e comentada de **Longa noite de pedra**, col. Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia, Ed. O Castro, A Coruña 1985.

Os documentos da sombra, col. Leliadoura, Ed. Sotelo Blanco, Barcelona, 1986.

Luminoso lugar de abatimento (PREMIO ESQUIO 1986), col. Esquíu, Sociedade de Cultura Valle-Inclán, Ferrol 1987.

Edición, cronoloxía e bibliografía da **Poesía Galega Completa** de Xosé María Álvarez Blázquez, Ed. Xerais, Vigo 1987.

FLOR DOS DEDOS

Unha muller soñava no seu centro con águas e licores e páxaros
e na luz da sua cúpula abrian-se xanelas.
El chegou camiñando polos ventos do albor
e através dunha pele finísima de gándara
chamou con flor dos dedos nas portas entreabertas.
Ela soubo as distancias dun cavalo extraviado
e sentia de lonxe un balbordo de sangues
ou galopes ou talos de madeira en metal.
Entón abriu a man, estendeu-na con asas
e pousou unha seda de pétalas azuis
sobre o cimo vermello que de noite chegava.

Os dous tiñan os ollos como rios acesos.

Asi entrou el nela, porque ela entrava nel.

Vigo, 25 Xaneiro 87

A UNHA AMIGA QUE QUERIA ESCREVER UN POEMA ERÓTICO E NON TOPAVA AS METÁFORAS

Fantasmas sedutores, corpos certos,
aventuras da pel, aínda xoven,
un leito garimoso e non culpábel,
son matéria dun canto que imaxinas
liberador, non místico, tampouco
obsceno ou duro, só intensamente
erótico. Precisamos un poeta
que bique con metáforas os puntos
mais sensitivos para que a palabra
treme de humidades, temperada,
vibre en música excelsa de xemidos.
Ti posúes a materia, eu a voz,
o desexo aparece sen chamá-lo.
Non sei a que agardamos pra facer
ese poema intensamente erótico.

3 Xullo 1986



MARGARITA LEDO ANDIÓN

Autora de **Mamá-Fe** (relatos) e **Trasalba ou Violeta e o Militar morto** (novela). é xornalista (fundou e dirixiu o periódico galego semanal **A Nosa Terra**, a revista de cultura **Escrita** e pertence ao grupo de mulleres editoras de **Festa da Palabra Silenciada**), e é profesora de Comunicación Audiovisual da Facultat de Ciencies de la Informació, en Barcelona. Dende que saíu **O Corvo érguese cedo** (1973) a súa obra poética vai aparecendo (por encárrago) en diferentes publicacións e, sempre, nas edicións do Festival de Poesía no Condado.

LINGUAS MORTAS (serial radiofónico).5

Animaliños

E dixo deus á serpe:
amosa perfección astucia escama prata
arrodéalle ao tigre o van nun seu afouto
e cal nó de fibela sedalina
vai tirando de ti vai tirando de ti.

Tigre preso da serpe que preme polo cinto ata que tigre é dous.
Pelo tronzado de escama prata e moma.
Dispersión de ti en dous en dous tigre cabeza e tigre corazón
e fai tempo que o paporroibo sae polo máis frío
coma ti, tigre, en dous.

LINGUAS MORTAS (serial radiofónico).6


gato

Siamés de pai
descoñecido
persa ou
maltese
gato montés
gato pardo
gato que cruza de esquerda
a dereita
gato de bairro
embaixo do coche roubado ou á xanela
gato lento
e serodio
coma zapato que manca o corazón do dedo
gato que fala
gato que xa é algo
porque fala
Aquí.
No corazón.

LINGUAS MORTAS (serial radiofónico).7

El papa en Santiago

Dedo de Woytila marcando á besta co sinal da cruceiro no casquillo de bala
que entra a matar por entre os pobladores
Dedo contra o sexo nos Andes que doe ata no sexo
'Compañero caído en la lucha ¿quien te vengará?'



VITOR VAQUEIRO

Nace en Vigo, en Agosto de 1948. Estudos de Bacharelato en Vigo e de Química en Santiago de Compostela. No ano 1974, instala-se en Vigo, onde exerce a docéncia das Matemáticas. A partir do ano 1986 abandona esta actividade para adicar-se profesionalmente á fotografía.

LIBROS PUBLICADOS:

—Lideiras entre a paisaxe. Vigo. Editorial Castrelos. 1979.

—Informe da gavilla. Vigo. Editorial Galaxia. 1980.

—Camiño de Antioquia. Ferrol. Colección Esquio. 1982.

—A fraga prateada. Vigo. Editorial Galaxia. 1983.

XXXIII

Como un reptíl arteiro, a Noite agatuñaba desde o Cais da
Ribeira.

Uns ollos atopaban outros ollos silentes e, no espello dos
ollos,

nacian convulsións que os ollos devolvían a outros ollos,
e estes

retomaban a orixe, o comezo dos tempos, en rotación perene,
como un xirar etéreo de planetas nacendo. Á espreita estaba
o Ciume

afiando a gadaña, mascarada en rumores do río que morría
o mesmo que os amantes, que esmorecían vidas polo Cais da
Ribeira.

Desde a ponte, un coitelo de gume taciturno pairou sobor das
augas.

Ninguén na escuridade enxergou o coitelo, mais dentro da
sua prata

xa contiña a mensaxe de morte irreversible. As cores da
Ribeira

coñeceron o trágico desígnio do coitelo e acenaron nervosa-
unha triste chamada, un consello intanxíbel, unha nota de
música

inaudíbel. E, xordos, os amantes ficaban alleos ao perigo da prata relucente. E
o coitelo xa era un aguillón mortífero, bifurcado en dúas setas de obxecto
infalíbel: as arterias

de dous

amantes tresleados, azuis e silandeiros. E, en canto, unha
boca

deseñaba en obscenas actitudes o bordo dunha copa de úbedos licores. O
coitelo xa marchaba infalíbel aos corazóns
calados.

Logo, un esgazamento, as mortes insondáveis, o arrefecer dos
corpos,

o labor do coveiro, o silencio gabeando sobre o Cais da
Ribeira.



XELA ARIAS

Naceu en Lugo, no ano 1962.

Ten colaborado en publicacións, coma DORNA, A NOSA TERRA e A FESTA DA PALABRA SILENCIADA.

Ten traducido ao galego, "O gato gaiado e a Anduriña Señá", do brasileiro Jorge Amado, e ven de recibir un premio da Asociación de Escritores en Lingua Portuguesa pola traducción de "Amor de perdição", de Camilo Castelo Branco.

Actualmente, ten no prelo a traducción ao galego de "O bosque animado", de Wensceslao Fernández Florez.

SON AUGAS

Nas paredes escribiran mortos.
O vento trae maquinarias. Sorte
de ríos amarelos vén parar ás nosas mans;
atraio, quizais, malos destinos
pois abrazo morte, toda morte.
Ríos pesados de baleas
confonden os pasos que avanzamos.
E calo.

Ríos, ríos, só auga, coma ríos
sucesos acontecidos, contidos acenos
que desatamos, ríos que se desfollan.

¿Cando hemos desaparecer, cariño?
Fundida á confusión, ¡como agradezo!
Estufas tiran linguas
abrasadoras para cazarme.
E non se atrapan
reflexos das luces nas peiraos,
ás noites,
cando eles dormen.

DO MAR BRISA ARISTADA
RECOLLE A GRUPO DAS CHALANAS
UNHA BÂNDEIRA ENROLADA APARTA
DE NÓS A CAIXA DAS MUDANZAS.

¿E quen espera?

A CIDADE É O METAL
AS RÚAS ARAMIOS. EU NAVALLA,
EU FÍO, FOLLA AFIADA.

Nin me mires.

SON VIDRO ROTO, VIDRO ROTO,
ÁS PORTAS DA MURALLA.
ES COMA UN CABALO ESNAQUIZADO
A PIQUES DE PROHIBIR.

Non esperes, non esperes, non espero.



MARTA DA COSTA

Representa á mais nova xeneración poética da Galiza, con vinte anos, estudante universitaria. Ten un libro inédito titulado "Sonata para conversador i espello".

BALANCEASE UN INTENSO CALOR...

Balánzase un intenso calor
só o ár da rúa chea as bolsas.
Abaixo, arriba, a xente móvese,
uns rapaces berran e as veciñas
sacuden trapos cheos de po.
O sol pinga en cada recanto como cera,
como vela acesa nunha escuridade inútil,
pinga e quence,
os pes non se moven, a temperatura sube.
O verán corre sobre o coiro,
o calor, pesa, cansa, troca,
pinga nos recunchos apodrecidos dun balcón calquera,
na manilla dun teléfono,
nun ascensor,
nunha cama que se desfai na noite,
nun soño.

PERDE-LA VIDA...

Perde-la vida,
nihilismo absoluto da existencia;
adormecido profundo no pozo
dos sentimentos que non afloran
perante a noite-vida.
Perde-la vida,
non topala no vieiro-desengano
que sulcamos na longa travesía
do corazón transido de silencio.
A vida, parodia de amor,
soño de amante e forma de Eros.
Segundos contábeis no anxeio inexplicábel
de abranguer un corpo
para fundilo e fundirse
co propio e o outro corazón.
A vida non é unha tranzparencia
para mirar a felicidade e o desengano
cun mesmo ollo;
a vida é
unha travesía para conta-los segundos
da felicidade e o desamor.
Perde-la vida
para falar cun corazón novo
na praia deserta que amor crea
na ribeira dos nosos corpos.



MANUEL FORCADELA

Naceu en Tomiño. Publicou en 1982 "Ferida acústica de río". Prémio Celso Emilio Ferreiro de poesía o ano anterior. Uns anos antes, en 1977, ganara o Prémio Montesol. Colabora nas revistas "Dorna", "Nordés", "A Nosa Terra" e "Tinta China".

DUAS EVOCACIONES

I

De antiga cinza, Aurélia, son as aves.
Procura que o seu corpo gañe o olvido
entre a água azul da tua memória.

Repara no interior da vella casa.
Ainda medra unha luz branca.
Esvaecida forza que atravesa os pavillóns
esparexendo o seu sonido por entre os brancos lamigueiros
e olla eses resquícios de ruína nos relóxios,
mantelos con sinais de viño derramado,
os búcaros de alpaca, vacios, sen ornato,
cómo as horas se propagan sobre as árbores cincentas
e hai un voo de alaudas, prata, algunha onda que regresa
no anel que as barcas deixan sobre a lámina das águas.
Espera.

Se estas horas te procuran como panos cheos de sombra
consumida entre as palabras que tecin,
dos palácios onde o outono está deitado sobre os mármoreos
coberto por un tétrico tapete de loucura.
das paisaxes onde outubro era azul sobre o mar ébrio
ou estaba nas umbrias do interior dos meus armários
deixa só unha leve luz.

Natureza escolle sempre os seus vasalos.
Tempo hai que fico fóra da sua empresa.

II

Xa un século de soños te restaura
no frío corredor cando entardece
ornado o meu retiro de alamedas,
e baten nos relóxios outras horas.
A luz do outono clama por ti, Laura,
e a liña do teu voo se me esvaece,
remoto un fondo fráxil de veredas,
relembro, chama ou sombra do que foras.

A tarde é só unha liña no horizonte,
un sopro, un tren de alaudas, a beleza
que névoa xa rescata no reflexo
dourado deste lago ensombrecido.
Contemplo ese camiño, aquela ponte
e descés para as águas da tristeza,
garnida polo aroma do desexo.
E sinto que regresas para o olvido.



BERNARDINO GRAÑA

Nado a 27 de Setembro de 1932 en Cangas do Morrazo (Pontevedra).

En 1958, en Madrid foi cofundador do grupo "Brais Pinto" tramando grande amizade con Reimundo Patiño, Alexandre Criebeiro, Bautista Álvarez, Fernández Ferreiro...

Impulsou a creación da Asociación de Escritores en Lingua Galega e foi o seu primeiro Presidente no período de 1980 a 1982.

Publicou cinco libros de poesía:

"Poema do home que quixo vivir", Braís Pinto, Madrid, 1958

"Profecía do mar", Col. Salnés, Galaxia, Vigo, 1966

"Non vexo Vigo nin Cangas", Col. Val de Lemos, Monforte, 1975

"Se o noso amor e os peixes", Edicións Xerais, Vigo, 1980

"Sima-cima do voar do tolo", Algalia, A Coruña, 1984

PARA CAMILO CAMAÑO, ARTISTA

(no seu Carballal da Fraga de Coiro-Cangas tras fumar ganya)

Non molles ganyas en raios
do sol de Coiro douñado
asolla a raia coas follas
do Carballal de allos bruxos
xunto de alfaias carballos
sombas e acugos das fragas
baixo tamaño dun maio
xestando xestas mulleres
ollos enliando quedellas
solpore vermello nas illas
que aquí encerraches o maio
o sol camaño xestido
xesto de ollar neno vivo
do carballal sen valados
con ben macerados viños
polos teus dedos-ramallos
camilo en camelias finas
dun amarelo camaño
que é caramelo xestido
do teu pelexo con marcos.
Non molles. Acende a ganya
acende no inverno o maio.
Mentres amañas galiñas
e o bodrio do porco e coellos
afálle o brillo ás uñas
colle sen tiñas nen pallas
os teus pinceis.molla os meles
do coiro teu espallado.

CÁNTO PULOU A FLOR

¿Cánto pulou a flor para soerguerse
para abrise e rimar co abrir da túa
sorrisa pola boca e pola ollada
e ser aroma diluído fóra
e por dentro, en recordo, unha dozura
de saudade moi lene como néboas
de instantes xa vividos que se esfuman?
¿Tanto traballo para que un soplido
de vento con ruindade nos dilúa?



MANUEL LUEIRO

Naceu no 1916, residente en O Grove.

A sua obra poética: "Un tempo de sol a sol" (1970).
"Escolma ferida" (1981). Na actualidade ten no prelo "Nova
escoma ferida".

A RUA

Unha noite de chovisca
ó pé dunha rua
alguen cantaba con voz doente,
baixiño;
mentras eu pasaba, coas mans nos bolsillos
caíndome a iauga pola faciana
sen coidar en nada.
Camiñaba como moitas veces,
ollando o silencio, e deixándome escorrer
isa chuvia manseliña,
coma volvoreta saudosa e calada.
Aquila tonada, tomoume ó camiño,
a cidade en que paso tantas horas de traballo,
desmemoriada de min,
coma unha máquina de palabras mortas.
En aquil silencio moilado,
pensei nos anxeios de tantos homes, coma min,
que andan polo mundo
sin saber o por qué das voces que cantan,
silandeiramente entre as pedras verdes,
cantigas de amor tristeiro, docemente,
chorando por un amor que non foi.

O ESPANTAPAXAROS

No campo de centeo ergueuse, roxo e verde,
o espantapaxaros.
Niño posibel, sin medo de aves
zigzaqueantes no momo ár da atardecida.
Inmóvil vestimenta picada
en fame de revoloteos cansos;
azas descoóridas de sol,
vânse voando sin acougo de celme.
Soñeiro de tenruras xunto a noite
estrelcida do vran.
Un piar lonxano
faite escorrer unha bagoa de palla
pola tua faciana seca.
¡señardá sin latexo da escuridade!



XAVIER R BAIXERAS

Naceu en Tarragona 1945.

Profesor de Literatura en Vigo.

Obra:

"La ciudad sumergida". Alamo. Salamanca 1971.

"Fentos no Mar". Ed. Castro 1981.

"Lembranzas do areal". Caixa Ourense 1985.

"Os Celestes faiados", "A Gándara da noite" (no prelo)

BOSQUE MILENARIO

A Xosé Folgar Fraga

Bosque de alba

O bosque de abidueiras que habitamos
parécese a Galicia hai xa mil séculos
Antes que os carballos venerábeis
antes que esta nación de verde landra
era Galicia azul e batulácea
abidueiral florido: bosque de alba.

Que senlleira visión que plenitude
debeu ser aquel tempo previo ao home:
unha seiva azuralba e verdecente
poboada por sombras baixo a chuvia.

A Galicia betulácea do pasado remoto
conxetura lonxana da memoria que temos
levita cada noite ente a brétema mesta
perdendo o seu destino inconcreto no bris.
Inútil é subir ás montañas neboentas
e pretender asirse aos alvelos sen nome:
as mans os atravensa e os troncos non as sinten
e se desfán coa néboa ou co vento que pasa.

A terra abidueira que nos queda
serviranos con sorte para escribir a verba
que diga das orixes boreais e azuísimas
do bosque profanado polo home letal.



M^a DO CARME KRUCKENBERG

Libros poéticos en galego :

“Cantigas do vento” Coleición Alba. Vigo 1956.

“Canabal de ouro” colección Salnes-Galaxia. Vigo 1962.

“A sombra ergueita” ed. ind. Graf. Noroeste (distr. Castrelos) Vigo 1976.

“Cantigas para un tempo esquecido” Edicións do Castro, Opusculos de Poesía, 1986.

Dous discos coa súa voz editados por R. C. A. Española, “Poemas Galegos” e “Poemas castelans” Madrid, 1959.

NEBOEIRO

O ceo é un acio de estrelas
xamáis madurecido.

Poida que tamén sexa
unha valeira cinza mesta sin sospeita,
ou un maino vento en remuíño.

Ollar de cego, lonxe,
auga estancada morta sin cantiga,
arripiante renxer
dun cachopo que nunca fogo tivo.

A hestoria feita
coa imaxe da fraqueza,
encabullar quixera
ledicias con fartura,
mostrándono-las cousas
que son descoñecidas

Mais o tempo é baril
e medra sin esgumiar arduas,
mentras lle di a Deus
que nin siquera saibe
como nasceu o silencio.

ESTIVEN ONTE NA MIÑA ALDEA

En coiro, o día morno espaturrado
como un Deus godalleiro.

As nubes camiñaban pra ningures,
levadas polo vento.

Quente, nas miñas mans un paxaro
sin un camiño certo.


Antre migallas de pan, riba da mesa
esquencido, un coitelo.

Primida, a miña imaxen chamexaba
como un candeiro vello.

A mente era un penouco de lembranzas
que me esmagaba o peito.

Coas quinas mouras, gallopendo tolo
o cabalo do tempo.

Sobre a terra tristeira, sin semente,
soio medrando o silencio.



CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

Claudio Rodríguez Fer naceu en Lugo en 1956. É catedrático de lingua e literatura no *Instituto Anxel Fole* de Lugo.


É autor de seis libros de poesía. Catro son de carácter predominantemente erótico *Poemas de amor sen morte* (1979), *Tigres de ternura* (1981), *Historia da lua* (1984) e *A boca violeta* (no prelo), un de temática cinematográfica *Cinepoemas* (1983) - e outro máis ben autobiográfico *Lugo Blues*.

Publicou dúas coleccións de narrativa breve: "Meta-relatos" (*Grial* 1981) e "fábula fauna" (*Medusa*, 1984).

En torno a Ánxel Fole preparou os libros *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole* (1981) e *Contos de lobos* (1985).

HABIA UNHA BRUXA

Había unha bruxa
moi mala, moi triste, moi escura,
e poñíase a coser polas noites,
ji, ji, ji,
e caía unha folla no vidro do ventanuxo
no que esbaraba rolando un floco de neve,
pensaba nas pernas feas
e nas mans tan rugosas,
pensaba que o vestido que lle estaba facendo
alí ó seu demo
cecais non tivese a súa medida,
choraba e xogaba coa súa lágrima
hastra que por fin esmorecía
coma un orballo sobor dos pómulos,
e tiña frío,
a roupa de punto non a abrigaba,
pensaba nos seus intres de nena,
cando era amiga do Sol,
agora sentía celos desa Lúa,
ouh, sí. coas mans rípidas.
non remataba de ollalas,
tan enrugadas, tan deformes, tan negras,
escudriñaba nas uñas,
pensaba que cecais o colo ancho
non iba ben para o seu demo,
ollaba pasar tempo pola fiestra,
ollaba a súa fiestra,
esa fiestra querida,
agardaba fremente polo demo
para enxoitar a lágrima,
e un cabelo descaía sobor da pálpebra,
nun arco da vella senlleiro de raras luces murchas
en todos os matices.
e a cor do cabelo
resultaba entrañabel...



RIVADULLA “CORCÓN”

Naceu na Coruña ano 1962. En 1982 recibiu un acesit no Concurso Nacional de Poesía do Facho, que voltaría a recibir no ano 1984. Durante algún tempo adicouse ao teatro formando parte do grupo de Animación Teatral “Titiriti” de Catoira. Foi membro da redacción da Revista “Coordenadas” e coordinador do suplemento cultural de “El Correo Gallego” intitulado “Xanela da Lua”. Actualmente é membro do consello de redacción da revista “Luzes de Galiza”. Ten colaborado en numerosos medios de comunicación, entre eles: “A Nosa Terra” e “Escrita”. Ten publicado o libro colectivo “Igor de Albatros en Selene”, ten inédito o libro “Igor Umbra Poesis” e en elaboración “Ofiusa Siméntis e outros poemas”, todos eles de poesía.

É un mesmo vento a vida
que a dúas aves move e máis sorprende
e xorde dividida
a mesma luz do abrente
fecundidade e morte están presentes

Divide á luz e ó sono
daqueles que deambulan polas tebras
O nacer é un chouto
e o finar a frecha
que disparada no horizonte erra

Vivir é unha iludosa
maneira de soñar unha tolemia
unha pouta sedosa
a constante violencia
é a sega o agromar dunha leira

Gavea-las montañas
sentar nun trono e azora-la vida
embaixo as alimañas
demiba unha raiña
que atesoura poder e mil feridas

Todos somos escravos
e así xuntos tecémo-la mentira
o alto sob o baixo
o estai na carlinga
e a nao entre a brétema á deriva

Na prematura idade
entre o paradiso e o inferno
conviven as deidades
segue a outono o inverno
e a ledicia triunfa sobre o medo

O neno que dá un brinco
e adprende as regras é unha vítima
máis deste rodicio
Perder gañar a ínfima
recompensa a maior das desditas
que o ser humano obtén
ter para non ter ¿Que xogo é a cinsa
que a mesma onda detén
e vai o que foi vida
e engule o vaivén á nao espaxada?

No solpor hai mencer
e a nada trasmúdase en batalla
e axiña está a vellez
ca afiada navalla
querendo abri-lo suco na bancada
para así deita-lo corpo
quen todo o material reduce a nada
Adentrarse no sono
pescuda-la esperanza
e fecunda-la terra desazada.



ANTONIO COSTA GOMEZ

Naceu en Barcelona en 1956. E profesor de Literatura Española.

Libros: *Revelación*, Lugo, 1981, poemas, con cartas-prólogo de Ernesto Sábato, e *O Delirio do lume*, A Coruña, 1985, relatos.

VENDAVAL

Un vello can doente cruza a ría entre corpos brancos,
recén emerxidos. Vinagre do mar.
Por toda a parte, espiñas, e nas camas profundas.
Chúvia de enxirgo sobre o ventre das barcas.

Que, sen que ninguén me fale, alpendres
onde chirran arañeiras,
maos cuspidas por intrusos,
carreiros nos xardíns das flores ananas,
sen que ninguén me fale, me leven ao mar,
ás saias perfumadas de salitre,
ás areas que cos seus excrementos
centos de aves rianxeiras nutrirón nos invernos,
estremecidas polo cansazo:
 esguizado de lóstregos
nunha vila con pouca esperanza de tránsito,
afastada por unha ponte,
na que as horas se apertan e nadan sobre as flautas
xeladas, e un río corre levando envases, gomas,
falsas borbullas, e un vello asfalto abre nunha herba triste,
procuro o meu goio até que o vento pase,
o meu sitio de pedra.


Nengunha voz toldada me fale,
cada ollar é un embate de peitos fanados,
de ardentias apagadas na bocanoite,
na boca da Primavera.

ABRIREI O PORTON

Abrirei o portón da miña casa
para que entren esmoleiros,
leiteiras,
vendedores de mel.

E, como nun lagar, ese perfume
hei espremer, bagoando.

E fecharei.



XOQUIN AGULLA

Poesía: *Cántigo*, 1981. *Ensoños de Breila*, 1982. *Aquí fican melodías*, 1984.

Palabras Maiores (Rev. Carel, 1986). *No devalar as horas* (Rev. Grial, 1986).

Teatro: *A Caeira* (Rev. Carel, 1985). *Era unha vez o mundo do envés*. II premio de teatro infantil de Xove, 1985.

Narrativa: *A viaxe Alucinante de Peter o Cosmonauta*, 1986. (Edición patrocinada pola Consellería de Cultura e Benestar Social).

Actualmente é o segredario da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Membro da Dirección Nacional da MESA PERMANENTE POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

I

A noite lonxana espérame todos os días,
repousa queda nas farolas e nas portas das últimas tabernas abertas.

Eu habito no alto da cidade apartado do seu ruído
tan só a cantiga eterna do mar rompe o silencio.

Unha voz doce de muller filtra-se clandestinamente polas rendixas do espazo.

Buscareite sempre en algún mar.

nas pedras bañadas polo mar do norte.
e sentarei-me a esperar-te e non pronunciarei mais palabra que o teu nome,
e farei-no en silencio para que ninguén o escuite,
e o silencio será o regalo con que che otorge quando cheges,
un silencio povoado de palabras que tan só os dous escuitaremos,
os dous e a noite.

a noite acolledora.

as pedras que nos protexen,
e o mar que che trae ao meu encontro.

II

Eu non habito onde os homes.

habito onde os deuses.

na noite e nas tabernas.

na verdadeira noite.

na que é negra como un touro e abre as súas portas aos tolos namorados,
e no frío marmore das mesas das tabernas, onde o viño repousa nos bocois
esperando ser un nectar misterioso no meu corpo.

Xamais paseiei polos salóns etiquetados e as grandes avenidas.

os meus pes tan só deixan a súa pegada na noite.

nas tabernas

e nos portos,

nos lugares onde é imposible mentir, e tan só conquistar a supervivencia
os seres auténticos.

os verdadeiros navegantes,

os que naufragaron no viño.


os que a resaca do mar truxo as negras praias da noite,

ao lugar onde os seus corpos repousan esquecidos.

esquecidos como os deuses.

esquecidos.

coa única compañía dos amigos da viaxe.



XAVIER SEOANE

A Coruña, 1954. Ten publicado "Poesía experimental" (1978), "Os bosques encendidos" (1981), "A caluga do pa-xaro" (1979), "Anisia e outras sombras" (1981), "Arca Cotidiana / Iripaxaros" (1984) e "Presenzas" (1984)

Nunca ninguén me dará mais
que o sol sobre as follaxes
que a acerada ledícia
nunha humidecida entraña
da terra branda

calma
dita
é a todo o que aspiramos
felicidade ágape
todo o que recibemos do bico do paxaro
todo o que alenta
na extremidade nivea da rama

de onde ven
este anseio fecundo nas entrañas
este xúbilo ardente
de contemplar
na pupila sonámbula?

nunca ninguén
me dará mais
que a águia celeste sulcando a imensidade
que o delfin esvarando na águia ideal
do oceano branco

contemplo a alta noite de frutos derramados
e sento o fondo olor das árbores deitadas
a terra ten segredo de horizonte soñado
na ánfora do espazo

o rocío que penetra na lágrima
e estremece a mirada
non morrerá
o que nun día ameí e nostalxio acaso
pervivirá cantando no centro da alvorada

nunca

o que é

desvestirá a súa túnica
despirá o seu abrazo

nos campos celestiais
en que eterna orvallada
pace
plena de graza é a luz que respira deitada.



XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

Nacemento e primeira xuventude nas terras do interior de Galicia (Melide, A Golada). Profesor en Cangas do Morrazo. Poesía e Teatro son os seus mundos de diário.

Poesía: "Gándaras" (1971); "Terra e pan" (1975); "O despertar tamén é noso" (1977); "Ofidios de diário" (1984).

Teatro: "A fraga encantada" (1987)


Narrativa: "De ida e volta" (1975)

INEVITABLE ADULTO, AMOR, ESTE SILENCIO DE AUGA PESA POR UN ANO

Estou en tí como paxaro rebelde que se nega ao mar
pola distancia do trópico / linde póstumo
do gozo para quen quero ser detido en permanencias /
En tí como unha roupa vella
que de cando en vez diante do espello loce
nos teus ollos de naraído denso.
Como unha mau que aperta o remo no naufraxio.
Como ese día cinco do milenio
que xubila o soño de ser teu para máis cando.
Como unha bris que tí maldices e dis non na bocanoite.
Como Santiago. Padrón, o Ulla noso... Estou en tí
eterno birimbau, nun alto.

EN CANTO A MERA ENTRA A FURTE POLOS RIOS COAS BALADAS

A metamorfose rompe a nosa casa de abellas
e rouba o mel de tantos anos.
Alborece canso en sagitario e as estrelas
cháman-se en diglosia ares numa seia comba...
Os lucepouco négan-nos a luz por sermos todos
anaconda ou gris tellado das folepas.
Son as dez na gorxa do xilgaro que tose sen medida.
Ula a curuxa na fraga. Ula a marta
no pousadeiro do frío Ula o amilladoiro
no camiño das aves. Ula o océano
cos lobos do mar Ula a mau que borra
a noite dos bolígrafos.
Ula tí e máis eu no alto da vellice
entre un senfín de urbes mentas chove.
Estamos afeitos á metade e só nos queda
a paisaxe íntima como un río
de solagos que o salmón retoma
para o descanso definitivo da súa morte.




XOSE FRAGA IGLESIAS

Naceu no 1945 na terra de Montes. Militante de esquerda, padeceu quince anos de cadea franquista. Ten publicado o libro "Falando calado".

LOVUANZA O CANTAUTOR DA TERRA DO CONDADO FRANCISCO

Os amigos chamámoslle Paco.
Velo ahí vai co sorriso pensante
Prendido á cintura da guitarra amante.
E atópase en calquera burato
Onde haxa amigos senñibres o amor
Que alcenden o íntirio á sombra do Arte.
Conocino no Muiño de Delio,
No recuncho de amáue amizade;
E atopeino tecendo corcheas
De armonia cheas,
Bordando no seu pensamento
Reflexos de amor con acento.
Así é cal te ve o poeta
E prégache que xamáis te esvaias:
Que fagas do verbo querer tua meta,
Que loites contra de tóda-las Raias.
Prá tua moral, alí é Portugal,
Prá tua raigaña, aquí é España;
Pró teu sentimento...
Que sexan somentes dous Pobos irmáns,
A ledicia dos pobos curmáns,
Amigos, amantes,

E sin amos noxentos,
Sin firentes fronteiras,
Da enemistade parteiras,
Putas nais da MIÑA, do MEU,
Cantar ledo do porco baldreu,
Do Ego burgués
Acochado no Nacionalismo,
Estrada axeitada pró Imperialismo
Depredante de tóda-las praias,
Rapiñeiro das riquezas
Que outros prantaran;
Prantador de cruces
Pra ateigar de Cristos
Aterrorizantes,
Aterrorizados.
Pero ti, noso amigo Paco,
Ti sigue cantando
E, cos bos, cobizando
Ese Mundo que soio estremece
Diante de unha frol destragada,
Diante de unha meniña descalza,
Axionllada.



XULIO LÓPEZ VALCÁRCEL

Naceu en Lugo no ano 1953.

En Santiago de Compostela cursa a carreira de Dereito, e actualmente exerce como Procurador dos Tribunais en A Coruña, onde tamén é Presidente da Agrupación Cultural "O Facho".

Sendo estudante en Compostela formou parte do Grupo Poético "Cravo fondo".

Individualmente ten publicados tres libros: "Víspera do día" (Ed. Follas Novas, Santiago de Compostela, 1979), "Alba de auga sonámbula" (Ediciones Celta, Lugo, 1983) e "Solaina da ausencia" (Algalia Edicións, A Coruña, 1986).

PALABRA QUE EN NOS QUEDA

“Adeus amigo connosco para sempre poeta”

Cara ónde se van os claros fillos
cego o pranto e as mans inertes
qué lugar procuran no seu voo de sombras
cara qué remotos espellos se confunden
águas dun nirvana aterrada paz dos sartegos
cara ónde se van os nenos viaxeiros

Madre, cara a raiz mais fonda
cara a soedade mais xorda,
cara a verdade mais certa.

O meu corazón é un paxaro ferido
entre as silvas,

unha flor de amendoeiro.

O meu corazón era

unha pociña de calor

na brusca desolación do inverno.

Cara ónde se foron os que amo.

Sen que a súa nostalxia me console
de valde invoco-os a soias.

De valde procuro o timbre da súa voz,
a serena elegancia do seu xesto.

Perderon-se na brisa,
dispersou-nos o vento,
recendos dos seus ecos
calacean polos hortos.

Para quén o aloumiño das miñas mans
para quén a calor do meu peito,
para quén este fatigado deleixo
de cimitérios.

O meu corazón é un meniño enfermo.
Collin as suas mans e eran dous lírios de xelo
mirei os seus ollos e eran dous cristais sen soño
busquei os seus lábios e eran dous sulcos irtos
É el, non era el, nen o seu corpo era seu corpo.
Cara qué niños foxen os paxaros silandeiros.

Cara o silencio mais pleno
cara os bosques mais mestos,
ás desteñidas chairas do olvido,
cara a rotunda negación de ceo.

Tiña para ti o mais doce viño,
o pan mais branco e temo.
Ah, para ti, a música e a água,
a mañá e o fogo,
a rosa acesa do meu corpo.

Deixo unha ollada
que amaron os eidos;
unhas mans que agarimaron nenos
Deixo unha mañá noviña
cara unha mar aberta,
horizontes dilatados
camiño doutros ceos.
Deixo unha forma de tristeza,
a poeira de todos os camiños,
a canseira de todos os regresos.
Palabra que en vós quedo,
amei estes dias que o destino me concedeu
e gardei canto poiden apreender da beleza
no fráxil tremor dalgun verso.
É canto tiña. É canto deixo.

A Eusébio



ÁNGELES PENAS

Naceu en Teixeira. Licenciada en Filosofía e Letras.
Compaxina a literatura coa creación plástica

FRAGMENTO DO LIBRO "OS ANALES DO VENTO"

¡CORAZON DO MEU VENTO NON ME DEIXES!

¡Corazón do meu vento. neno núo,
que abalaba xesteiras, piornais,
uceiras, codesales ou toxeias...
primeiro bico amante que me deron,
corazón do meu vento. non me deixes!

Bruan borbollan firen choromican
bican parolan berran bisbillean
os teus labres de Leste namorado
i eu no meu cais, que cheira a marusía,
escoitote sin folgos, tresvariada;
cun raiar de estrelañas nos miolos,
de celestiais pingueiras, ceos irados,
degoirantes violís
que me desbotan

Tal manantío de augas fondas de Deus
dónome, doume

pois non son miña xa:
son ese astro pecadento e caído
saloucando por Orión e Aldebarán
e o Cisne...
e toda estrela imán que me reclame

Pois non son miña xa:
son mol pandeiro
nos baixíos do Norte estarricado.

Lévame en tí, debúllame, desfaimo
en milleiros de frutas e buguinas
pra sementar amor en todo rego.
Son unha probe nena atoutiñando
os regueiros da luz.

Quero acenderme
cos tizós do teu lóstrego, arroubarme
coas faiscas de tí.

Ver en foguetes
estalar esta moma marusía
de días apozados e noxentos.
¡Arrámplame contigo érgueme aos outos
ciclós en onde xestan os Boreas
os poldros dos ubérrimos cendales!

¡CORAZON DO MEU VENTO, DAME O CANTO!



ANTÓNIO RODRÍGUEZ REIXA

Vigo, 1957. Licenciado en Filoloxía Galega. Profesor de Lingua e Literatura Galega no I.B. Sta. Irene (Vigo).

